

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Inglés para Fins Específicos				
Materia	Inglés para Fins Específicos			
Código	V01M121V01105			
Titulación	Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento				
Coordinador/a	Seoane Posse, Elena Celsa			
Profesorado	Pereira Romasanta, Raquel Seoane Posse, Elena Celsa			
Correo-e	elena.seoane@uvigo.gal			
Web				
Descrición xeral	Inglés para fins específicos. Diferentes tipoloxías en ESP. Investigación e perspectivas aplicadas. Perspectivas do ESP. Temas históricos, pedagóxicos, sociolóxicos e lingüísticos en ESP. Facer investigación en ESP. Os métodos cuantitativos e cualitativos na investigación ESP.			

Competencias	
Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B1	Capacidade de afondar naqueles conceptos, principios, teorías ou modelos relacionados cos distintos campos dos Estudos Ingleses, así como de coñecer a metodoloxía necesaria para a resolución de problemas propios de devandita área de estudo
B2	Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos na contorna multidisciplinar e multifacética dos Estudos Ingleses.
B3	Capacidade para utilizar de forma eficiente as novas tecnoloxías da información e da comunicación no ámbito dos Estudos Ingleses.
B4	Capacidade para presentar en público experiencias, ideas ou informes, así como emitir xuízos en función de criterios, de normas externas ou de reflexións persoais para o que será necesario alcanzar un dominio suficiente da linguaxe académica e científica tanto na súa vertente escrita como oral.
B5	Habilidad para investigar e manexar novos coñecementos e información no contexto dos Estudos Ingleses.
B6	Capacidade para adquirir un espírito crítico que leve aos estudantes a considerar a pertinencia das investigacións existentes nas áreas de estudo que conforman os Estudos Ingleses, así como das súas propias.
C1	Capacidade para utilizar unha terminoloxía lingüística rigorosa así como unha notación adecuada.
C2	Coñecemento dos principais modelos de investigación lingüística.
C3	Coñecemento dos principais recursos e ferramentas de investigación lingüística.
C4	Capacidade de manexar conceptos, métodos e instrumentos propios da investigación en inglés para fins específicos, particularmente do inglés académico.

C5	Capacidade de reflexionar sobre os factores que condicionan a aprendizaxe e a adquisición do inglés como lingua estranxeira.
C6	Habilidades para o uso de ferramentas e recursos de investigación aplicados mediante a análise de variables macro e micro-sociolingüísticas.
C13	Coñecemento do papel do inglés nos distintos medios de comunicación.
C14	Capacidade para comprender as implicacións comunicativas de diferentes tipos de discursos e xéneros discursivos orais e/ou escritos.
C27	Coñecemento das entornas laborais e profisionais onde o inglés ocupa un lugar relevante como medio e vehículo de expresión.
D1	Capacidade de afondar naqueles conceptos, principios, teorías ou modelos relacionados cos distintos campos dos Estudos Ingleses, así como de coñecer a metodoloxía necesaria para a resolución de problemas propios de devandita área de estudo
D2	Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos na contorna multidisciplinar e multifacética dos Estudos Ingleses.
D3	Capacidade para utilizar de forma eficiente as novas tecnoloxías da información e da comunicación no ámbito dos Estudos Ingleses.
D4	Capacidade para elaborar adecuadamente e con certa orixinalidade composicións escritas ou argumentos motivados, redactar plans, artigos científicos e formular hipóteses razoables.
D5	Capacidade para presentar en público experiencias, ideas ou informes, así como emitir xuízos en función de criterios, de normas externas ou de reflexións persoais para o que será necesario alcanzar un dominio suficiente da linguaxe académica e científica tanto na súa vertente escrita como oral.
D6	Habilidades para ser capaz de construír e utilizar ferramentas operativas que recollan información significativa e precisa para a mellora das aprendizaxes nos Estudos Ingleses.
D7	Habilidade para traballar e continuar a aprendizaxe de forma autónoma e autodirixida.
D8	Habilidades para investigar e manexar novos coñecementos e información no contexto dos Estudos Ingleses.
D9	Capacidade para adquirir un espírito crítico que leve aos estudantes a considerar a pertinencia das investigacións existentes nas áreas de estudo que conforman os Estudos Ingleses, así como das súas propias.
D11	Capacidade para traballar en equipo, cooperativo e compartido, fomentando a tolerancia e a aprendizaxe colaborativo.

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Desenrolar conciencia crítica dos temas e retos principais da Lingua para Fins Específicos, como tema de investigación e tamén como área aplicada	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B2 B3 B4 B5 C1 C2 C3 C5 C6 C13 C14 C27 D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9

Adquirir un coñecemento detallado e profundo de unha ou dúas sub-disciplinas da Língua para Fins Específicos, coma o inglés académico ou científico.	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B2 B3 B6 C1 C2 C3 C4 D1 D2 D3 D4 D5 D7 D8 D11
Familiarizarse coas principais características estructurais e lingüísticas dos diferentes rexistros dentro do contexto da Língua para Fins Específicos	A1 A2 A3 A5 B3 B4 B5 B6 C1 C3 C4 D1 D2 D3 D4 D7 D8
Familiarizarse cos conceptos básicos da disciplina Lingua para Fins Específicos e desenrolar competencias de ensino da mesma	A1 A3 A4 A5 B1 B2 B3 B6 C1 C2 C4 C5 D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7

Aprender o uso das principais ferramentas de investigación (software, corpus) da Lingua para Fins Específicos.	A1 A2 A3 A4 A5 B2 B3 B4 B5 C1 C2 C3 C4 D1 D3 D4 D6 D7

Contidos	
Tema	
1. Introdución ao inglés para fins específicos.	Cuestións históricas, pedagóxicas, sociolóxicas e lingüísticas.
2. Modalidades do Inglés para Fines Específicos.	Textos. Análisis de textos e documentos de ESP. Traducións e interpretacións. Estudos léxicos.
3. Aplicacións prácticas do inglés para fins específicos.	Documentos de uso común e termos en contexto.
4. Perspectivas de investigación e vertientes aplicadas.	A investigación no ámbito do Inglés para Fins Específicos. Métodos de investigación cuantitativos e cualitativos.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Presentación	1	11	12
Foros de discusión	0	10	10
Seminario	12	20	32
Exame de preguntas obxectivas	1	20	21
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Presentación	Os alumnos terán que usar o seu coñecemento adquirido e as destrezas da materia para realizar investigacións sobre ESP e presentalas oralmente, de maneira individual, a toda a clase. Se a situación o fai preciso, recorrerase a videoconferencias ou docencia online.
Foros de discusión	Traballo virtual (Moodle) en xeral encomendado ao alumno.
Seminario	Proceso do sistema de ensino-aprendizaxe baseado no traballo cooperativo, no traballo en pares, xunto co apoio directo da teoría explicada polo profesor. Se a situación o fai preciso, recorrerase a videoconferencias ou docencia online.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Seminario	O alumnnado disporá de supervisión telemática durante o curso e atención persoalizada, se for posible, no despacho N1.
Presentación	O alumnnado disporá de supervisión telemática durante o curso e atención persoalizada, se for posible, no despacho N1.
Foros de discusión	Resolución de problemas, consulta de dificultades, práctica. O alumnnado disporá de supervisión telemática durante o curso e atención persoalizada, se for posible, no despacho N1.
Probas	**Descrición**
Exame de preguntas obxectivas	O alumnnado disporá de supervisión telemática durante o curso e atención persoalizada, se for posible, no despacho N1.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Presentación	Traballo de investigación sobre algunha das tipoloxías do ESP para presentar oralmente na clase. Individual. Se a situación o fai preciso, recorrerase a videoconferencias ou metodoloxía online.	20	B1 B2 B4 B5 B6		D2 D5
Foros de discusión	Debate e aportacións no eido virtual entre os alumnos e o profesor ao longo do curso, en lingua inglesa.	10	B2 B3 B4		
Seminario	Traballos na aula, traballos avaliados e participación asistencia, ensaios potenciais, etc. Se a situación o fai preciso, recorrerase a videoconferencias ou metodoloxía online.	20	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B6	C1 C2 C3 C4 C5	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D11
Exame de preguntas obxectivas	Exame final. Se a situación o fai preciso, farase online.	50	B4		C1 C5	D1 D2 D5

Outros comentarios sobre a Avaliación

A participación dos estudantes no curso será obxecto dunha avaliación continua. A asistencia regular será un requisito indispensable. Os alumnos con dispensa especial polos motivos que se sinalen deben comunicalo previamente ao profesorado. Ao longo do curso organizaranse diversas tarefas relacionadas cos contidos tratados, tales como a análise de mostras de textos, as presentacións diante do resto da clase, no seu caso, ou a redacción de ensaios. Contémplase así mesmo a realización dun pequeno proxecto de investigación, tentativo, como tarefa adicional avaliable. Na avaliación destas actividades teranse en conta, entre outros, os seguintes factores: a capacidade de síntese da información obtida de distintas fontes; a claridade na exposición das ideas; a precisión no uso da terminoloxía e os conceptos específicos; a implicación nos seminarios e as actividades de grupo e cooperativas; o rigor e a orixinalidade na formulación das propostas de investigación; a exhaustividad e profundidade nas análises; e a utilización dun estilo académico adecuado.

Os mesmos procedementos de avaliación aplicaranse no caso dos estudantes cunha oportunidade adicional ou aqueles que retomen o curso. No caso dos estudantes cunha oportunidade adicional, para o compoñente de avaliación continua, o estudante pode ser requirido para repetir unha selección das actividades realizadas ao longo do curso ou para completar algunhas tarefas adicionais. En canto aos estudantes cunha exención oficial da asistencia a clases, a avaliación continua basearase na súa eventual finalización dos traballos establecidos a través do compoñente virtual do curso. Estes estudantes tamén deben someterse á proba final escrita (se é aplicable) ou, alternativamente, completar unha tarefa equivalente (ou conxunto de tarefas) especificada polos profesores, no seu caso.
Na proba de xullo, os alumnos entregarán en prazo as actividades adicionais solicitadas polo profesor, antes de se presentaren ou exame escrito ou proba obxectiva.
Os alumnos que non se presenten á proba escrita en xuño ou en xullo acadarán a cualificación de NON PRESENTADO.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Biber, Douglas and Bethany Gray., **Being Specific about Historical Change: The Influence of Sub-Register.**, 2013

Biber, Douglas and Bethany Gray., **Grammatical complexity in academic English (Studies in English Language).**, CUP, 2016

Hyland, Ken, **Genre, discipline and identity.**, 2015

Mauranen, Anna., **English as the Lingua Franca of the Academic World**, University of Michigan Press, 2011

Seidlhofer, Barbara, **Closing a conceptual galp: the case for a description of English as a Lingua Franca**, 2001

Seidlhofer, Barbara, **Common ground and different realities: World Englishes and English as a Lingua Franca**, 2009

Bibliografía Complementaria

Belcher, D., **English for specific purposes in theory and practice**, University of Michigan Press, 2009

Belcher, D. Ann Johns, B.R. Paltridge (eds.), **New Directions in English for Specific Purposes.**, University of Michigan Press, 2011

Dudley Evans, Tony & Maggie Jo St John, **Developments in English for Specific Purposes, A multi-disciplinary Approach.**, CUP, 1998
Hyland, Ken & Marina Bondi (eds), **Academic discourse across disciplines**, Peter Lang, 2006

Recomendacións

Outros comentarios

Aléntase aos estudantes a usar papel reciclado e pór en práctica métodos sustentables.

Sobre os plaxios: Nesta asignatura podería empregarse a ferramenta Turnitin na avaliación dos traballos e as actividades. Atendendo ás recomendacións da Xunta de Facultade, engádese o seguinte texto que deberá ser tido en conta polos estudantes: Turnitin é unha aplicación de uso para o profesorado coa finalidade de revisar porcións de texto procedentes doutros textos e sinalar a súa procedencia. Esta ferramenta pode recoñecer traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso do mesmo estudante. Se esta circunstancia acontecese entenderase como contraria á honestidade académica e aplicarase a Normativa académica de evaluaciones, de calificaciones y de reclamaciones na avaliación.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS E AVALIACIÓN ===

Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.